

PRENDEU A CHAMA DE UXÍO NOVONEYRA NO POETA GAITEIRO DE FERRAMULÍN

Este ano 2010 está dedicado a Uxío Novoneyra, voz poética imprescindible na literatura galega contemporánea. Moitos serán –xa o están a ser– os libros que, con xustiza, estuden a súa vida e a súa obra, a contribuíren desta forma para unha merecida homenaxe a unha das figuras máis sobranceiras da poesía da anterior centuria. De certo, Uxío Novoneyra e Manuel María son dúas das máis singulares e poderosas voces poéticas que na segunda metade do século XX fixeron soar a súa lira na exaltación das terras courelás e chairegas, respectivamente, a seguiren a estela da poesía paisaxística de Noriega Varela, poeta da montaña lucense por eles admirado, e inclusivemente doutros dos seus continuadores como Aquilino Iglesia Alvariño ou Crecente Vega. Mais ambos, entrañábeis amigos, souberon e quixeron ligar o enalzamento das súas terras de orixe coa defensa e reivindicación da patria común, da nación galega esquecida e asoballada en tempos de miseria política, económica e cultural.

Agora estamos nunha nova centuria que se presenta como a era da globalización ou mundialización, na cal se nos pretende convencer de que as identidades locais non teñen cabida e de que as ‘pequenas’ nacións, linguas e culturas sen estado propio deben ser sacrificadas en beneficio dun pretenso progreso que nunca será tal se implicar a renuncia do que fomos e do que aínda somos. É por isto que o libro *Prenderei a lareira*, de Vicente Reboleiro, constitúe a mellor homenaxe que neste ano 2010 se pode

facer a Uxío Novoneyra, poeta do Courel mais tamén poeta da Galiza, poeta da nación e adaiñ na defensa da nosa identidade política, cultural e lingüística; e por todo iso poeta universal, pois só desde a identificación co propio se pode atinxir a verdadeira universalidade, como nos demostraron Castelao, Risco ou Otero Pedrayo, todos tres homes de Nós que todos nós admiramos e respectamos en canto se mantiveron fieis á Terra e á lingua. Na esteira dos bos e xenerosos está Uxío Novoneyra e está tamén o autor deste libro que me honro en prologar.

Porque xa van sendo horas de afirmar que Vicente Reboleiro –veciño, amigo, discípulo, incansábel lector, recitador e admirador de Uxío Novoneyra– é un galego consciente, cabal e comprometido, e que neste fermoso libro de poemas homenaxea o seu mestre infelizmente desaparecido. Con esta obra convértese Vicente Reboleiro no novo poeta do Courel, o poeta do Courel do século XXI, un Courel que posúe a mesma grandiosidade e beleza dos seus tesos cumes e dos seus profundos vales, mais tamén sobre o que penden máis ameazas sobre o seu futuro pola acción depredadora da cobiza humana e pola desidia duns poderes que non acaban de comprender o grande potencial, tamén económico, dunha terra que pola súa natureza singular e privilexiada debería ser proclamada, toda ela, reserva natural da Galiza e patrimonio da humanidade. Na realidade, de entre as líricas vivencias e lembranzas da infancia courelá do poeta Vicente Reboleiro vai emerxendo subrepticamente nestes versos un SOS Courel provocado pola lenta agonía dun mundo e dunha forma de vida en transo de desaparecemento, e igualmente provocado pola acción depredadora do ser humano. Saudade polo paraíso

perdido da infancia, mais tamén tristura polo abandono do medio rural, son sentimentos que agroman e transparecen ao longo e largo da obra.

Homenaxeando Uxío Novoneyra, o poeta homenaxea tamén o seu Courel sentido, vivido e amado, e transmítenos aos lectores e lectoras, en forma poética, as súas memorias de neno labrego, cal un novo Balbino que un día camiñou de Ferramulín á Coruña para coadxuvar na liberación da Terra e para procurar a nosa solidariedade na preservación do seu –e noso– paraíso do Courel. Porque, como acontece co seu mestre, Vicente Reboleiro pon a musa poética ao servizo da nación galega e da terra en que veu ao mundo, a proseguir así na escrita un compromiso cívico que nel sempre foi norma de conduta vital. Tamén o exerceu e exerce como gaitero, pois alí onde soa a gaita estase a deixar testemuño dunha tradición cultural con fondas raíces populares e con marca de galeguidade. Non sabería eu dicir moito ben se Vicente Reboleiro foi antes gaitero do que poeta, pois acho que as dúas condicións van nel estreitamente unidas. O poeta compón cancións coas palabras –xa Rafael Dieste aconsellaba ligar as palabras musicalmente– e o gaitero, dalgunha maneira, fai poemas coas notas musicais. Estamos, pois, perante un gaitero poeta ou un poeta gaitero, tanto ten. O caso é que tanto cos seus versos como coa gaita é quen de nos conmover e de nos emocionar. E niso consiste en esencia a poesía.

Debemos dicir, no entanto, que as palabras con que nos agasalla o autor neste libro son as que lle aprenderon na infancia e que xa nunca esquecería, porque son as que

para el conteñen esa carga de emotividade precisa para nos poderen emocionar. É a rica linguaxe courelá, por tanto, a que latexa nestes poemas escritos con primor nun galego impregnado de enriquecedores dialectalismos, sen por iso renunciar a un modelo de lingua coidado e auténtico, libre de interferencias deturpadoras. Eis, pois, máis un mérito, e non menor, acrecentado aos moitos que a obra contén; e que demostra non ser precisa a utilización de formas espurias para que a lingua soe espontánea e natural, todo o contrario. Esa lingua resulta harmoniosa e musical, xa que o autor sabe conxugar sonoridades aproveitando a potencialidade expresiva dos sons e das palabras, con presenza frecuente de aliteracións, fonosimbolismos e outros recursos estilísticos tamén presentes na obra de Novoneyra. Un bo exemplo constitúeo o breve mais intenso poema preliminar, síntese da obra por conter os elementos temáticos esenciais, comuñón co Courel e amor á Terra: *Prenderei a lareira/ e arderei de amor/ aos devanceiros*. Combinación harmoniosa de sons con esa reiteración expresiva do galeguísimo ditongo <ei>, prolongado no sufixo <eiro> que o autor tamén leva no apelido *Reboleiro*, tan courelao e tan galego, como marca indelébel da súa vinculación coa Terra.

Non quero citar máis versos nin mediatizar a lectura dos poemas. Quero só congratularme da publicación da primeira obra do autor, que, no entanto, non é unha obra de iniciación, pois contén poemas longamente madurecidos, elaborados e reelaborados en permanente contacto co obxecto poetizado. Non tivo, de certo, présa o poeta en nos dar a coñecer os seus versos. Soubo agardar pacientemente a súa vagarosa maduración e hoxe chegan a nós co recendo

e o sabor dos produtos do Courel artesanal e amorosamente preparados. Permítome recomendarlles que os saboreen –que os saboreemos– e atévome a aventurar que tamén Uxío Novoneyra nolos recomendaría.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

PRENDEREI a lareira
e arderei de amor
aos devanceiros.

O gaiteiro no muín

NA PORTA da vella aceña abandonada
brilla o sol de mediodía
e pasa soñando a auga
pola presa,
polo verde prado
abandonado.

Na porta do vello muín
que xa non moe,
xeme a ferradura desfeita polo tempo
e laian as lousas,
esquecidas do grao e da fariña.

Chamo polos antepasados
á sombra do vello muín abandonado,
e van acudindo, van vindo...

nas frebas
máis firmes e tenras
das primaveras,
no brillo máis vivo
do corazón da gaita.

A Uxío Novoneyra e Salva in memoriam

SOMOS do Courel dende sempre,
no medio da serra nacemos
e da cor das uces son os nosos soños
e do sabor dos morodos.
Imos por camiños antigos de carros
e por carreiros,
canda o sol do verao e a neve do inverno.
Ollamos os prados en primavera
e os panqueixos,
arrecenden os chocallos das uces bornais,
as carqueixas, o maravallo
e vemos chover desde os covallos das penas.
Baixamos á aurela do río
e atravesamos as chapacuñas
e ollamos a auga correndo polas presas e polos prados.
Subimos ás fontes
e bebemos de cóbados,
se cuadra bebeu o lobo tamén
e o xabarín.
Perdémonos nos montes e nas devesas,
aló contemplamos o muito que medraron as rebolas
e ese brillo limpo do xardón, as faias e a bidueira.

Despois baixamos aos soutos,
acougamos na sombra dos vellos castiñeiros nosos
e ollamos os niais dos carrizos nos subiados.
Collemos prás petadas,
por onde soben os carros cantando
co pan pra mallar nas airas.
Andamos pola aurela do río
e deixámonos ir levados polor rumor sereno das augas.
A Campa, A Mallada, Chao do Mar...
Andamos a serra toda
como facían os antigos arrieiros
e chegamos á casa de Parada.
Oh as vellas casas,
as nosas casas!
E lías un cigarro
con papel de fumar,
como faría meu avó de Hórreos
que non coñecín
e que tiña un estanco de tabaco
e traballou na mina de Vilarbacú.
Nas escaleiras,
ás portas das casas,
xúntanse todos os nomes,
todos os soños,
todas as lembranzas,
os nosos fálannos
con esa maneira tan súa de nos ollaren e nos falaren.

As Aguzadoiras, A Carrasqueira do Trouso, O Chao do Muín...

Os Eidos,
a Patria que nos fala,
a Vida, o Amor
na Palabra.

A Penela Branca fala de ti e O Boullón.

E falan como falas tu,

a Herminia de Visuña

que sabe cantares mui vellos

e Amadora de Ferramulín

e Tia Felicitas,

que di que ten máis anos que Matusalén

e Manuel do Bataneiro

e Miguel do Vao.

Baixou a sombra no Galeiro

e hai que levar as vacas ao monte.

Miña mai dime: "xaneiro xabreiro, febreiro porraqueiro, marzo airoso, abril chuviñoso, maio pardo, san xoán claro, santa mariña regaladiña pra facer a gaveliña, valen máis que as mulas e o carro".

A raíz deste castiñeiro da Fonte da Ancada, cuantos anos terá?

Cuantos anos ten esta Terra de noso, que inda é nova!

En Santa Uxía de Ribeira, lembrás?

Era o Día das Letras Galegas

adicado a Luís Pimentel, mañá de sol primaveral.

Chegaches con ese entusiasmo tan teu,

con esa forza, con esa luz...

E falaches: "*non podemos deixar de ser galegos,
así que o debemos ser conscientemente*",
e soaron as gaitas
e estalaron os bailes dos mozos e mozas na túa honra
e renaceu a patria aquela primavera
e nós no lume da túa palabra,
xa para sempre ardendo...
Aira de Lobos, Os Corgos,
onde se botaba o liño
e collíamos truitas de ninos,
nas tardes de verao.
A Carviña, Fonte Fría, O Piornal...
Hei de ir ao Pinouco e levarei a gaita
e tocarei "A Pastora do Courel"
que me regalou un músico de Paderne
na festa de Bustofrío,
no cume do Pinouco.
Hei de ir ao Barbeito Longo, á Cova das Pombas, a Valzoás...

Outono do 1999

PRADOS do Longo
regando en inverno!
Herbiña nacendo
baixo o sol de febreiro!

REBOLAS vellas
cubertas de edras!

O camín antigo

AS RODADAS dos carros
marcadas nas penas!
Son os sinais inda vivos
daqueles tempos antigos.

O magosto que vai vir

SOUTO de castiñeiros
camín de Veiros!

.....

.....

Soutín limpo que agardas
unha nova colleita
de ourizos e castañas!